

## MEMORIA

Ao principio do Erasmus non tiña moi claro que esperarme xa que non tínhamos moita información sobre o que íamos a facer pero foi dende logo unha grata sorpresa.

As actividades foron bastante entretidas que requerrían certa creatividade pero eran divertidas. Tivemos que facer 5 vídeos diferentes dunha temática cada un e 1 deles podía ser do tema que quixéramos. O meu grupo por exemplo escolliu facer un vídeo recopilatorio dos cans que nos encontrábase pola calle.

O resto de vídeos era un sobre a cidade (Parma), outro sobre o merchandising da universidade, outro sobre as diferentes maneiras que hai de viaxar (en bus, tren, avión...etc) e un vídeo sobre unha exposición a que asistimos.

A parte coñécense a moitas persoas doutros países aínda que no noso caso case todos eran alemáns. Todos eran moi agradables e dispostos a facer piña.

Algo que me gustou desta experiencia é que aparte de coñecer Parma, a cidade onde nos hospedábase, tamén tivemos a oportunidade de coñecer outras cidades cercanas como Bolonia ou Módena. As clases en teoría eran de 10:00 a 12:30 e logo de 14:00 a 16:00 pero houbo 2 días que nos deixaron a tarde libre, polo que aproveitamos para ver esas súas cidades.

A min gustoume o Erasmus e si alguén me pide consello apuntaríame, é unha experiencia enriquecedora que che dá paso a coñecer outra cultura, practicar o inglés e relacionarte con xente nova.